


| | | |
|--|----------------------------|--|
| Área / Unidad GABINETE DE ALCALDIA GA0000 RCF | Documento GA018I00F5 | Anotada en el Libro de Resoluciones de la Alcaldía con el núm: DEC/AYT/3531/2024 19/06/2024 |
| Código de verificación  6248 1W4O 651H 1TON 0L56 | Expediente GA0/2024/285 | |
| | Fecha 19-06-2024 | |

DECRETO

DECRETO POLO QUE SE DETERMINA A ORGANIZACIÓN E ESTRUCTURA DO GOBERNO LOCAL

Ademáis de designar aos integrantes da Xunta de Goberno Local (artigo 127 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local), corresponde á Alcaldía adoptar as resolucións precisas en materia de organización e estrutura da organización municipal executiva, e as delegacións xenéricas de atribucións, todas elas de conformidade co establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, Regulamento Orgánico Municipal e Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro.

Confórmase pois o goberno local a partir do establecemento da organización e estrutura da Administración municipal executiva, asentándose a mesma nos principios de eficacia, economía, eficiencia, coordinación e goberno integrado, co obxectivo de dar unha resposta áxil para afrontar os retos da política local deste tempo.

No canto as áreas de goberno, apóstase por unha estrutura integrada que, pola suma da súa actuación e pola coordinación de accións, cubre todos os eidos da competencia municipal.

En uso das atribucións legalmente conferidas a esta Alcaldía nos artigos 124.4 b), e) e k), 125 e 126 do a Lei 7/1985 de 2 de abril.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Establecer a organización e estrutura do goberno local, que quedará conformada pola Alcaldía-Presidencia e dez Áreas de Goberno con competencias sectoriais.

ALCALDÍA-PRESIDENCIA

Á Alcaldía-Presidencia correspóndelle presidir a Xunta de Goberno Local. Dirixe a acción do goberno definindo as liñas estratéxicas das políticas públicas municipais. Ostenta a máxima representación institucional.

Nomea e cesa aos membros da XGL e as membros do goberno local, e ostentando tódalas competencias que a lei atribue ao goberno municipal pode delegar unha parte das mesmas en diferentes concelleiras/os, así como nos directivos/as que conforman a estrutura directiva municipal.

Decidirá a relación de proxectos estratéxicos do mandato municipal, podendo incorporar cando considere oportuno novos proxectos á relación preexistente co obxecto de priorizar asuntos ou axilizar a tramitación administrativa de proxectos en curso.

Ámbito funcional reservado á Área de Alcaldía:

- Gabinete de Alcaldía
- Asesoría xurídica
- Transparencia
- Axenda Urbana e Proxectos Europeos (EIDUS, EDUSI...)
- Relacións veciñais e Barrios

Servizos Adscritos:

Secretaría Xeral Oficialía Maior Servizo de Alcaldía

Servizo de Proxectos e Estratéxias con Fondos Europeos Servizo de Asesoría Xurídica

ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA

D. JOSÉ MANUEL LAGE TUÑAS

- Portavoz do Goberno e coordinador de proxectos estratéxicos

AMBITO DE FUNCIONS E SERVIZOS ADSCRITOS Á AREA:

- Economía
- Planificación Urbana e Proxectos Estratéxicos
- Facenda
- Orzamentos
- Recursos Humanos
- Contratación
- Concesións e Patrimonio municipal.

Servizos adscritos:

- Servizo Intervención Xeral
- Servizo de Tesourería Xeral
- Servizo de Xestión Tributaria
- Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos
- Servizo Recursos Humanos
- Servizo de Contratación
- Servizo Concesións e Patrimonio Municipal
- Servizo de Planificación e calidade dos servizos
- Servizo de Economía e Investmentos

BENESTAR SOCIAL, PARTICIPACIÓN E IGUALDADE

D^a. NEREIDA M^a CANOSA DOMINGUEZ

-Viceportavoz do Goberno.

AMBITO DE FUNCIONS E SERVIZOS ADSCRITOS Á AREA:

- Servizos Sociais
- Dependencia e Servizo de Axuda no Fogar
- Igualdade
- Participación Cidadá
- Mocidade e CMIX
- Diversidade
- Planificación familiar
- Loita contra a violencia de xénero

Servizos adscritos:

- Servizo de Servizos Sociais
- Servizo de Acción Social
- Servizo de Igualdade
- Servizo de Participación e Innovación

INFRAESTRUCTURAS E MOBILIDADE

D^a NOEMÍ DÍAZ VÁZQUEZ

AMBITO DE FUNCIONS E SERVIZOS ADSCRITOS Á AREA:

- Mobilidade
- Infraestructuras
- Transporte, Estación de Autobuses e Parque Móbil Municipal
- Parques e xardíns

Servizos Adscritos:

- Servizo de Mobilidade Urbana

-Servizo de Infraestructuras

MEDIO AMBIENTE

D^a. EUDOXÍA MARÍA NEIRA FERNÁNDEZ

AMBITO DE FUNCIONS E SERVIZOS ADSCRITOS Á AREA:

- Medio Ambiente
- Sanidade
- Xestión de residuos e limpeza viaria
- Cemiterios e servizos funerarios
- Saneamento, tratamento e depuración de augas residuais.
- Benestar animal

Servizos Adscritos:

-Servizo de Medio Ambiente

CULTURA E TURISMO

D. GONZALO HENRIQUE CASTRO PRADO

AMBITO DE FUNCIONS E SERVIZOS ADSCRITOS Á AREA:

- Cultura
- Festas
- Bibliotecas
- Museos científicos
- Memoria democrática
- Arquivo histórico municipal
- Arquivos administrativos
- Promoción da lingua
- Turismo

Servizos Adscritos:

-Servizo de Bibliotecas
-Servizo de Cultura e Memoria Histórica
-Museos Científicos
-Servizo de Turismo

URBANISMO, REHABILITACIÓN E VIVENDA

D. FRANCISCO DINIS DIAZ GALLEGO.

AMBITO DE FUNCIONS E SERVIZOS ADSCRITOS Á AREA:

- Urbanismo
- Rehabilitación
- Vivenda
- Ruínas

Servizos Adscritos:

-Servizo de Intervención de la Edificación y Disciplina Urbanística
-Servizo de Planeamento e Xestión do Solo
-Servizo de Rehabilitación e Vivenda
- Servizo de Edificación

DEPORTES

D. MANUEL JOSÉ VÁZQUEZ MARTÍNEZ

AMBITO DE FUNCIONS E SERVIZOS ADSCRITOS Á AREA:

-Promoción do deporte
-Instalacións deportivas
-Promoción da vida saudable

Servizos Adscritos:

-Servizo de Deportes

EMPREGO, COMERCIO E MERCADOS

D^a DIANA M^a SOBRAL CABANAS

AMBITO DE FUNCÍONS E SERVIZOS ADSCRITOS Á AREA:

- Emprego
- Comercio
- Mercados
- Consumo
- Hostelería

Servizos Adscritos:

Servizo de Emprego e Empresa Departamento de Mercados

EDUCACIÓN, FORMACIÓN E INNOVACIÓN TECNOLÓXICA

D. JUAN IGNACIO BORREGO VÁZQUEZ

AMBITO DE FUNCÍONS E SERVIZOS ADSCRITOS Á AREA:

- Educación
 - Formación
 - Universidade
 - Políticas de Innovación Tecnológica
- Servizos Adscritos:
Servizo de Educación
Servizo de Innovación Tecnológica

SEGURIDADE CIDADÁ E INTERIOR

D^a MONTSERRAT PAZ ROMERO

AMBITO DE FUNCÍONS E SERVIZOS ADSCRITOS Á AREA:

Interior e atención cidadá Rexistros públicos Informática
Seguridade Cidadá Tráfico Emerxencias
Servizos Adscritos:

Servizo de Seguridade Cidadá S.E.I.S
Policia Local
Servizo de Atención Cidadá e Interior Servizo de Informática

SEGUNDO.- Outorgar as correspondentes delegacións xenéricas e especiais, coas facultades directivas e resolutorias do artigo 97 do ROM que comprenden as seguintes facultades:

Con carácter xeral todas as concernentes ás Áreas que se encomendan abarcando segundo o artigo 97 do ROM, tanto a facultade de dirección dos servizos correspondentes, como a de xestionalos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros, incluíndo en ditas delegacións todas aquelas que resulten necesarias para a adecuada xestión, agás as excepcións que a ALCALDÍA-PRESIDENCIA poidera determinar.

A título enunciativo as seguintes:

- A) Dirixir, xestionar, inspeccionar e impulsar o servizo ou servizos e áreas respectivas, salvo a formalización de convenios e actos análogos.
- B) Ordenar a tramitación de expedientes por faltas de desobediencia ou por infracción de ordenanzas ou bandos municipais e demais disposición de carácter xeral.
- C) Outorgar licencias ou autorizacións sobre as materias delegadas, cando non exista delegación expresa na Xunta de Goberno Local.
- D) Resolver mediante providencias as cuestións que afecten a terceiros, incluíndo expresamente a facultade sancionadora atribuída á Alcaldía en calquera norma legal.
- E) Conformar as propostas de resolucións dos Directores de Área e das Xefaturas de Servizo, así como as propostas ou relacións de asuntos que deban comunicarse ao Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local para a formación da orde do día dos Plenos da Corporación Municipal e das Xuntas de Goberno Local.
- F) Firmar todas as disposicións que sexan precisas para o cumprimento das facultades mencionadas, así como o visto bo das certificacións.
- G) Resolver os recursos de reposición contra os actos ditados polos delegados nas atribucións que teñen encomendadas, agás reserva expresa nalgún ambeto por parte da Alcaldía-Presidencia.



Concello da Coruña

TERCEIRO.-De conformidade co disposto no artigo 12 da Lei 40/2015, os concelleiros delegados poderán en materia da súa competencia que ostenten, ben por atribución, ben por delegación de competencias, delegar asinatura da súas resolucións e actos administrativos nos titulares dos órganos ou unidades administrativas deles dependentes dentro dos límites do artigo 9º da mesma norma. Tal delegación de sinatura, conforme ao establecido na norma referida, non alterará a competencia do órgano delegante e para a súa validez non será necesaria a súa publicación.

CUARTO. -Créase a figura da/o concelleira/o de Distrito, co obxecto de atender mellor dende o goberno municipal as demandas e propostas dos veciños e veciñas de cada barrio. Quedando adscritos do seguinte xeito os concelleiros e concelleiras do goberno municipal:

distrito 1: Eudoxia María Neira Fernández distrito 2: Gonzalo Castro Prado.
distrito 3: Fran Dinis Díaz Gallego. distrito 4: Montserrat Paz Romero Distrito 5: Noemi Diaz Vázquez
distrito 6: Nereida Canosa Dominguez distrito 7: Diana Cabanas Sobral. distrito 8: José Manuel Lage.
distrito 9: Juan Ignacio Borrego distrito 10: Manuel Vázquez.

Dar conta do presente Decreto á Xunta de Goberno Local e ó Pleno da Corporación e publicalo no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña na data da sinatura electrónica.

A Alcaldesa. D^a Inés Rey García.